

GUÍA DOCENTE DE **HISTORIA DA INTERPRETACIÓN MUSICAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: HISTORIA DA INTERPRETACIÓN MUSICAL										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Musicoloxía		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2h.
ECTS/CUAD.				3	3	3	3		Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento dos estilos interpretativos da música académica do século XX: expresivo ou romántico, formalista ou neo-obxectivo e historicista. Principais autores/as na configuración dos estilos: Wagner e Lizst; Stravinsky, escolas historicistas. A recepción de Bach entre 1750 e 2000. Estudo da fonografía como fonte para os diversos estilos interpretativos. Valoración e crítica da evolución do/a interprete ao/á executante. A crítica da interpretación: Taruskin, Cook, Kenyon, Day. Coñecemento e manexo da bibliografía sobre a praxe interpretativa no século XX.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 2, T3, T4, T5, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM6, EM7, EM8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Captar, a través do análise e da audición, as características das interpretacións históricas.	T 2, T4, T12, X 10, X16, EM 5, EM8
2. Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, o pensamento e a literatura, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.	T 2, T4, X5, X16, EM5, EM8
3. Desenvolver certo grao de autonomía persoal á hora de empregar as ferramentas de investigación propias da musicoloxía, aplicándoas de xeito autónomo ao estudo da música empregando un vocabulario axeitado e respectando as opinións alleas.	T2, T12, X5, X10, X12, X16, EM3, EM5, EM7

4. CONTIDOS
Interpretación musical e musicología: Límites e perspectivas da historia da interpretación musical. Interpretación musical e discología. Cuestións xerais, estéticas, históricas, textuales, estilísticas, analíticas, psicolóxicas, físicas e mecánicas.



Grandes fitos na interpretación da música antiga (1750-2015) .A recepción de Mozart no século XX: Interpretación e escenografías. A autenticidade histórica na interpretación da obra para piano de Ludwig van Beethoven.

Crítica e ensaio musical nos medios de comunicación. A recuperación da banda sonora no cine clásico americano. A música académica no cine: Parámetros para unha investigación. A dramaturgia e escenografía nos Séculos XX-XXI: recuperación e modernización dos repertorios musicoteatrales.(1600-2015)

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*